

**ACTA DA REUNIÓN 30 DE SETEMBRO DE 2014 DA MESA DE CONTRATACIÓN PARA A SUBMINISTRACIÓN PARA A AMPLIACIÓN DO ESPAZO DE ALMACENAMENTO DO CPD E SERVIZO DE MANTEMENTO.**

Presidente:

D. Miguel Ángel Santalices Vieira  
Vicepresidente da Mesa do Parlamento de Galicia

Vogais:

D<sup>a</sup>. Concepción Burgo López  
Vicesecretaria da Mesa do Parlamento de Galicia

D<sup>a</sup>. María Aneiros González  
Letrada do Parlamento de Galicia

D. José María Ameijenda Cuns  
Director da Intervención Xeral e Asuntos Económicos do Parlamento de Galicia

Secretario:

D. Santiago González Serrano  
Director de Recursos Humanos e Réxime Interior do Parlamento de Galicia

No Pazo do Parlamento de Galicia, ás 9,30 horas do **30 de setembro de 2014**, reúnense as persoas relacionadas, que constitúen a Mesa de Contratación encargada de estudar a documentación xeral das ofertas presentadas para tomar parte na contratación administrativa, mediante procedemento aberto, para a subministración para a ampliación do espazo de almacenamento do CPD e servizo de mantemento.

**Orde do día:**

Punto primeiro: Estudo do informe técnico do sobre C elaborado polo servizo de Tecnoloxías da Información.

Punto segundo: Elaboración, si procede, de proposta de clasificación de ofertas.

De seguido procédese a:

Punto primeiro: Estudo do informe técnico do sobre C elaborado polo servizo de Tecnoloxías da Información.

A Mesa de Contratación estuda o informe elaborado polo servizo de Tecnoloxías da Información, no que se pon de manifesto que á vista das ofertas presentadas polas empresas concorrentes, a puntuación que procede atribuír é a seguinte.

Empresa	Criterios sometidos a xuízo de valor	Criterios aplicables por aplicación de fórmulas	Puntuación total
Internacional periféricos y memorias España, s.l.	37,00	20,65	<b>57,65</b>
Sistemas avanzados de tecnología, s.a.	21,50	55,14	<b>76,64</b>

Segundo o dito informe analizado o prezo ofertado por ambas empresas, constatase que a oferta de Sistemas avanzados de tecnología, s.a. é un 28,08% inferior á presentada por Internacional periféricos y memorias España, s.l., polo tanto podería incorrer, ao abeiro do establecido na cláusula décimo segunda do prego de cláusulas administrativas, en baixa desproporcionada.

Punto segundo: Elaboración, si procede, de proposta de clasificación de ofertas.

Á vista da puntuación atribuída ás ofertas procede clasificalas na seguinte orde.






- 1º. Sistemas avanzados de tecnología, s.a.
- 2º. Internacional periféricos y memorias España, s.l.

A Mesa de Contratación comproba que efectivamente, a oferta de Sistemas avanzados de tecnología, s.a. esta incursa en baixa desproporcionada, dado que segundo a cláusula décimo segunda do prego de cláusulas administrativas unha oferta é anormal ou desproporcionada cando, concorrendo dúas ofertas, é inferior á outra en vinte unidades porcentuais.

Ao tenor do apartado 7 da referida cláusula, no caso de que a proposición economicamente máis vantaxosa incorra en baixa anormal ou desproporcionada, darase audiencia ao interesado para que xustifique a valoración da oferta e precise as condicións desta, podéndose solicitar, se é o caso, os informes técnicos que se considere necesarios.

En consecuencia a Mesa de contratación acorda darlle audiencia á empresa Sistemas avanzados de tecnología, s.a. para que xustifique, no prazo de cinco días hábiles, a valoración da oferta e precise as condicións da mesma e darlle traslado da xustificación da empresa, unha vez esta se reciba, ao servizo de Tecnoloxías da Información para a súa avaliación.

Non habendo máis asuntos que tratar, ás 11,25 horas levántase a sesión, asinando os asistentes a presente acta, no lugar e data indicados.

 Miguel Ángel Santalices Vieira Presidente	 Concepción Burgo López Vogal
 María Aneiros González Vogal	 José María Ameijenda Cuns Vogal
	 Santiago González Serrano Secretario